

ESCOLA DA VIDA

Adopción e educación

31.01.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A adopción é un proceso polo que unha persoa allea a unha familia se converte nun membro de pleno dereito. No noso país, a adopción internacional está sendo unha canle moi recorrida para incorporar fillos ás familias que así o desexan, e cando os preceptos legais llelo permiten. Os pais adoptivos cando regresan co seu fillo volven ledos, a espera foi longa, as dificultades burocráticas pareceréronlles interminables, e mentres tanto a súa ansiedade relábaos día a día, pero todo iso parécenlles puras nimiedades cando conseguen por fin o seu desexo de apertar, bicar, aloumiñar o seu fillo. Ata aquí, todo comprensible e humanamente ideal. O neno ou a nena é diferente na súa cor de pel, nos seus trazos aos do resto dos do seu contorno. E se fala, tamén fala diferente. E se se expresa, expresa cousas de culturas diferentes á de acolliada. Pero é o seu fillo e quéreño, e queren que os acompañe en todos os actos da súa vida, e queren darlle todo aquilo que necesite. Iso é o que chamamos criar e educar. E aquí é onde empezan os problemas. Hoxe só nos imos referir a un deles, que aínda que parece intrascendente ten unhas connotacións moi importante: a aprendizaxe da lingua e da cultura chinesas.

As familias que adoptan nenas chinesas (esa é unha particularidade da adopción neste país, no que as familias estiveron a rexeitar durante anos as nenas por preferir que, se só podían ter por mandato gubernativo un fillo, este fose, preferentemente, un home) desexan e reivindicar que as súas fillas se formen no idioma e na cultura chinesas. Para iso, a través das súas asociacións -e hai unhas cantas-, Estanse a mobilizar ante as Administracións para conseguilo. Isto que parece unha nugallada, ten un transfondo educativo um tanto pernicioso. Se desexaron que fose a súa filla e que vivise sempre con eles ¿por que as programan para aprenderen unha cultura e as forzan a estudar un idioma que no seu contorno é totalmente alleo?, ¿quizais queren que cando cumpran a súa maioría de idade volvan ao seu país? ou ¿queren que os seus compañeiros do colexio ou os seus amigos os vexan como rariños por facer algo que nunca se lles pasara a eles ou ás súas familias pola cabeza? É un proceder contranatura, e que lle engade á nena máis problemas dos que xa se lle veñen directamente enriba, pois xa vai ter bastantes dificultades para comprender a cultura próxima por canto máis para entender outra que lle vai ser totalmente allea.

Para manter esta postura, os seus pais adoptivos aducen que así a nena non perderá nin a súa lingua nin a súa cultura, pero ¿como vai ocorrer isto se chegaron cando tiñan menos de dous anos de idade?, e, polo tanto, nin falaban nin recoñecía ningunha expresión cultural do seu contorno.

Ser pais non é obrar de forma antinatural, senón seguir as pautas do desenvolvemento dos nosos fillos, primando a súa adaptación ao seu contorno físico e cultural. Obrigar a un neno a que se incorpore a procesos polos que non se sente atraído vai en contra de calquera norma educativa, e do sentido común do que deben ser uns bos pais.